



ANUNCIO

RESULTADOS DO XX CERTAME DE POESÍA ANTÓN ZAPATA GARCÍA CELEBRADO EN AGOSTO DO 2026

Expte. Admvo.: 2026/X999/000071

Expte. Decreto: 2026/G003/000617

Por Resolución da alcaldía núm. 596/2026 de data do 21/08/2026, aprobouse a relación de poemas e persoas gañadoras do XX Certame de poesía Antón Zapata García, previo Informe emitido na mesma data por parte da concelleira de comercio, hostalaría, turismo e cultura, Raquel Lema Allo, de resumo das votacións emitidas polo xurado seleccionado para esta edición para elixir os poemas gañadores desta edición do Certame.

En base a estes antecedentes e ás bases da convocatoria do devandito certame, coa finalidade de informar e dar a coñecer publicamente as votacións emitidas e as dedicatorias gañadoras desta nova edición do certame, o Concello de Laxe realiza o seguinte extracto dos datos que constan en ambos documentos e

INFORMA:

Primeiro. O prazo para a presentación de poemas candidatos a gañar o XX Certame de Poesía Antón Zapata García organizado dende o Departamento de Cultura de Laxe, rematou o día 18 de agosto do 2026.

- O día 19 de agosto constituíse o xurado encargado de elixir os poemas gañadores para cada unha das categorías (infantil, xuvenil e adulta) do XX Certame de Poesía Antón Zapata García convocado no verán do ano 2026, e que estivo formado por:
 - Tamara Salvadores Villanueva, animadora cultural municipal.
 - Borja Arias Mas, Arquivo e Bibliotecario municipal.
 - Sara Vilaríño Rama, Bolseira no Departamento do Arquivo municipal,.
- Na mesma data sinalada, entregóuselles a cada membro do xurado unha copia simple de cada un dos poemas presentados ó certame e unha folla na que deberían reflectir a súa votación en cada unha das categorías, tal e como obra no expediente administrativo.
- Previamente a esta entrega, comprobouse se todos os poemas remitidos ó Departamento de Cultura municipal cumprían os requisitos establecidos das bases do certame, proceso do cal, resultaron excluídos os seguintes:

POEMAS EXCLUÍDOS DO CERTAME E MOTIVOS			
CATEGORÍA	PSEUDÓNIMO	TÍTULOS DO POEMA	MOTIVO DA EXCLUSIÓN
ADULTA	Churi151087	GALICIA MÁXICA	Falta de ORIXINALIDADE. Emprega varios versos literais do poema titulado "Galicia", escrito polo poeta Manuel María.

- Tras ser informados desta circunstancia, así como de que só houbera candidaturas para a categoría adulta do Certame, decidindo outorgar os tres premios nesta categoría ó quedar desertas a infantil e xuvenil, as tres persoas designadas como membros do xurado, procederon á lectura e emisión dos seus votos de maneira individual e secreta no modelo facilitado como folla de votación, coa finalidade de seleccionar os poemas gañadores da categoría adulta con carácter extraordinario nesta edición, dadas as circunstancias expostas neste parágrafo.
- Tal e como establecían as bases, os membros do xurado non tiveron acceso ás identidades dos autores e autoras das obras, e puntuaron de 1 ó 10 os catro criterios a valorar segundo recolle tamén a convocatoria do Certame.

Segundo. Unha vez reunidas as votacións dos tres membros do xurado, os resultados do XX Certame de Poesía Antón Zapata deste ano 2026, conclúese que no caso da CATEGORÍA ADULTA, do total de 12 poemas presentados e 11 admitidos ó Certame, os que acadaron as maiores puntuacións foron os que constan a continuación:



TÍTULO DO POEMA e PSEUDÓNIMO	PUNTOS OUTORGADOS
ANTÓN, O muxo	24
A fábrica da ría, Macondo	23
Omega 3, Xurelo	22
ANTÓN, O muxo	21
A fábrica da ría, Macondo	20
Avoa, Álvaro Labrada	20
ANTÓN, O muxo	27
A DIÁSPORA INVERSA, Eco	26
Omega 3, Xurelo	25

Terceiro. En base a todo o comentado e á documentación que consta no expediente, os **POEMAS E PERSOAS GANADORAS** da categoría adulta do XX Certame de Poesía serían as seguintes:

CATEGORÍA	TÍTULO DO POEMA	NOME E APELIDOS do/a AUTOR/A	TOTAL PUNTOS
ADULTA	ANTÓN, O muxo	XURXO MANUEL RODRIGUEZ BAÑA	72
	Omega 3, Xurelo	JONATAN JORGE GUILLE	47
	A fábrica da ría, Macondo	NATALIA LEMA OTERO	43

Cuarto. Á vista da Resolución da alcaldía núm. 544/2026, do 29/07/2026, mediante a que se aprobaron as Bases para a celebración do XX CERTAME DE POESÍA ANTÓN ZAPATA GARCÍA deste ano 2026.

Vistos os informes emitido pola concelleira de comercio, hostalaría, turismo e cultura que obran no expediente administrativo ó respecto de:

- as candidaturas e poemas presentadas ó certame no que constan as exclusións realizadas nesta edición por incumprimento dos requisitos que constaban nas bases da convocatoria;
- as identidades das persoas que se presentaron ó certame e
- as puntuacións acadadas por cada unha delas con proposta de resolución do certame e das 3 persoas gañadoras deste na categoría adulta, determinadas en función do máximo de votos recibidos polas tres persoas que constituíron o xurado deste ano con tal fin.

Quinto. A alcaldía, en base ás atribucións concedidas polo art. 21.1 da Lei 7/1985, de Bases de réxime local, resolveu, con data do 21/08/2026:

a) Aprobar a lista de persoas premiadas no XX CERTAME DE POESÍA ANTÓN ZAPATA GARCÍA para este ao 2026, tal e como se cita a continuación:

CATEGORÍA	TOTAL PUNTOS	TÍTULO DO POEMA e PSEUDÓNIMO	NOME E APELIDOS do/a AUTOR/A	CONCELLO RESIDENCIA
ADULTA	72	ANTÓN, O muxo	XURXO MANUEL RODRIGUEZ BAÑA	CAMARIÑAS
	47	Omega 3, Xurelo	JONATAN JORGE GUILLE	LUGO
	43	A fábrica da ría, Macondo	NATALIA LEMA OTERO	VIMIANZO

b) Notificar telefonicamente ás persoas gañadoras o resultado acadado no devandito Certame para garantir a súa asistencia ó acto de entrega de premios que terá lugar no día de mañá no noso Concello.

c) Publicar o listado de persoas premiadas para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, páxina web municipal, redes sociais e canles de comunicación habituais do Departamento de Cultura do Concello de Laxe, para o cal, elabora o presente ANUNCIO.

Mándoo e asínoo en Laxe, na data da sinatura electrónica dixital

En Laxe, a 24 de agosto do 2026

O alcalde, Francisco Charlín Oróns